



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al apagón digital en Xinzo de Limia y Verín entre el 7 y el 8 de mayo y los derechos de los vecinos y las vecinas a una indemnización automática.**

El pasado 7 de mayo se produjo una avería masiva en la fibra óptica que afectó a las localidades de Xinzo de Limia y Verín y que duró casi 24 horas, prolongándose hasta la tarde del 8 de mayo. Afectó a toda la clientela de las distintas compañías de telecomunicaciones que comparten infraestructura en la zona.

Las causas del corte en la conexión no están claras. Según algunas de las versiones, estaría causada por un accidente en las obras que se están llevando a cabo en una vía en Xinzo, durante el cual se cortó la red principal de las distintas operadoras. Según otra información, el apagón pudo ser consecuencia de la tormenta que cayó ese día y que habría dañado los cables troncales subterráneos de la red de transporte.

Independientemente de las causas, cabe destacar las graves consecuencias del incidente, pues dejó sin conexión a internet y, por tanto, sin acceso a servicios básicos a muchas personas y negocios. Tuvo una gran repercusión social y económica y creó graves problemas logísticos en el ámbito sanitario con ambulancias que no podían recibir las alertas sanitarias, así como dificultades en las farmacias para conectarse a las bases de datos para la dispensación de medicamentos, entre otras cuestiones. También causó problemas laborales a las personas que teletrabajan, a quienes tienen negocios, y al propio ayuntamiento que tuvo que paralizar la atención administrativa.

A pesar de la gravedad de este apagón digital, los vecinos y vecinas de estas localidades se están encontrando con que algunas de esas compañías se niegan a indemnizarles de forma automática. Y también se quejan de la falta de información y de comunicación por parte de las compañías afectadas.

La propia Oficina de Atención al Usuario de Telecomunicaciones del Ministerio de Transformación Digital deja claro que, con base en la normativa vigente, el Real Decreto



899/2009, de 22 de mayo, por el que se aprueba la carta de derechos del usuario de los servicios de comunicaciones electrónicas, establece que «si una persona abonada sufre una interrupción de estos servicios, tiene derecho a una indemnización, siempre que la causa no sea imputable al propio abonado». E indica que la cantidad debe calcularse en función del tiempo que la línea estuvo interrumpida.

Señala claramente que, en relación con el proceso de compensación relativo al servicio de internet, que: «El operador estará obligado a indemnizar automáticamente a la persona abonada, en la factura correspondiente al periodo siguiente, cuando la interrupción del servicio sea superior a seis horas en horario de 8 a 22. En la factura correspondiente se hará constar la fecha, la duración y el cálculo del importe de la compensación que corresponde al abonado».

Resulta, por tanto, necesario que el Ministerio de Transformación Digital abra una investigación de oficio sobre el apagón digital ocurrido en Xinzo de Limia y Verín del 7 al 8 de mayo y inspeccione el comportamiento de las operadoras de telecomunicaciones para comprobar si se incumple la ley y para defender los derechos de los consumidores.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Abrirá el Ministerio de Transformación Digital y Función Pública una investigación de oficio por el apagón digital que sufrieron los vecinos y vecinas de las localidades de Xinzo de Limia y Verín del 7 al 8 de mayo?
2. ¿Inspeccionará el comportamiento de las compañías de telecomunicaciones para comprobar si este se ajusta a lo establecido en la Carta de derechos de las personas usuarias de los servicios de comunicaciones electrónicas, en relación con la recepción de indemnización y compensaciones en caso de cortes del suministro?
3. ¿Conoce la situación de gran parte de la clientela afectada por el apagón, que está recibiendo la negativa de las distintas compañías a abonar la indemnización de forma automática, incumpliendo la normativa de forma flagrante?
4. ¿Comparte que estos hechos deberían ser investigados por las autoridades competentes a fin de determinar las consiguientes sanciones a las compañías de telecomunicaciones en caso de incumplimiento de la normativa vigente y de los derechos de los consumidores y consumidoras?

En Madrid, a 15 de mayo de 2026



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

15 MAY. 2026 12:37:51

Entrada **114828**

Sobre o apagamento dixital en Xinzo e Verín

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita** relativas **ao apagamento dixital en Xinzo de Limia e Verín entre o 7 e 8 de maio e dereitos da veciñanza a unha indemnización automática.**

O pasado 7 de maio produciuse unha avaría masiva na fibra óptica que afectou as localidades de Xinzo de Limia e Verín e que durou case 24 horas, continuando na tarde do 8 de maio. Afectou a toda a clientela das distintas compañías de telecomunicacións que comparten infraestrutura na zona.

As causas do corte na conexión non están claras. Segundo algunhas das versións, estaría causada por un accidente nas obras que se están levando a cabo nunha vía en Xinzo, e durante o cal se cortou a rede principal das distintas operadoras. Segundo outra información, o apagamento puido ser consecuencia da tormenta que caeu ese día e que tería danado os cables troncais subterráneos da rede de transporte.

Con independencia das causas, cabe destacar as graves consecuencias do incidente, pois deixou sen conexión a internet e, por tanto, sen acceso a servizos básicos a moitas persoas e negocios. Tivo unha grande repercusión social e económica e creou graves problemas loxísticos no ámbito sanitario con ambulancias que non podían recibir as alertas sanitarias, así como dificultades nas farmacias para conectarse ás bases de datos para a dispensación de medicamentos, entre outras cuestións. Tamén causou problemas laborais ás persoas que teletraballan, teñen negocios, e ao propio consistorio que tivo que paralizar a atención administrativa.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

15 MAY. 2026 12:37:51

Entrada **114828**



A pesar da gravidade deste apagamento dixital, os veciños e veciñas destas localidades están a atoparse coa negativa dalgunhas das devanditas compañías a indemnizarlles de forma automática. E quéixanse tamén da falta de información e de comunicación por parte das compañías afectadas.

A propia Oficina de Atención ao Usuario de Telecomunicacións do Ministerio de Transformación Dixital, deixa claro que, con base na normativa vixente, Real Decreto 899/2009, do 22 de maio, polo que se aproba a carta de dereitos do usuario dos servizos de comunicacións electrónicas, que se “unha persoa abonada sofre unha interrupción destes servizos, ten dereito a unha indemnización, sempre que a causa non sexa imputable ao propio abonado”. E indica que a contía debe calcularse en función do tempo que a liña estivo interrompida.

Sinala claramente que, en relación ao proceso de compensación relativo ao servizo da internet, que: “o operador estará obrigado a indemnizar automaticamente á persoa abonada, na factura correspondente ao período seguinte, cando a interrupción do servizo sexa superior a seis horas en horario de 8 a 22. Na factura correspondente farase constar a data, duración e cálculo da contía da compensación que corresponde ao abonado”.

Resulta, por tanto, necesario que o Ministerio de Transformación Dixital abra unha investigación de oficio sobre o apagamento dixital ocorrido en Xinzo de Limia e Verín do 7 ao 8 de maio e inspeccione o comportamento das operadoras de telecomunicacións para comprobar se se incumpre a lei e para defender os dereitos dos consumidores.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Abrirá o Ministerio de Transformación Dixital e Función Pública unha investigación de oficio polo apagamento dixital que sufriron os veciños e veciñas das localidades de Xinzo de Limia e Verín do 7 ao 8 de maio?



2. Inspeccionará o comportamento das compañías de telecomunicacións para comprobar se este se axusta ao establecido na Carta de dereitos das persoas usuarias dos servizos de comunicacións electrónicas, en relación á recepción de indemnización e compensacións no caso de cortes da subministración?
3. Coñece a situación de grande parte da clientela afectada polo apagamento que están a recibir a negativa das distintas compañías a realizar a indemnización de forma automática, incumprindo a normativa de forma flagrante?
4. Comparte que estes feitos deberían ser investigados polas autoridades competentes a fin de delimitar as conseguintes sancións a compañías de telecomunicacións en caso de incumprimento da normativa vixente e dos dereitos dos consumidores e consumidoras?

Madrid, a 15 de maio de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso